

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 11 DE FEBREIRO DE 2021,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Decreto polo que se dispón que cese María Luisa Piñeiro Arcos como delegada territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra.
- Decreto polo que se nomea delegado territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra a Luis López Diéguez.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Xermade dun treito antigo da LU-P-2209 Cabreiros (LU-861)-Touza.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se crea a categoría estatutaria de persoal médico de hospitalización a domicilio do Servizo Galego de Saúde.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se aproba o Plan anual da cooperación galega para o desenvolvemento 2021.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o Proxecto sectorial PS-1, área de vías, espazos libres e infraestruturas, en desenvolvemento do Plan sectorial de ordenación territorial do campus científico-tecnolóxico do mar, nos terreos da ETEA en Vigo.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se aproba o proxecto da terminal de autobuses integrada na área intermodal da Coruña-San Cristóbal, como proxecto público de urxencia ou excepcional interese.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Vilalba para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de trinta e un mil setecentos vinte e sete euros con cincuenta céntimos (31.727,50 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a nova convocatoria do programa Ignicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre a declaración da Área de Rehabilitación Integral do Conxunto Histórico de Castro de Rei

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Informe sobre o II Plan de rescate para persoas traballadoras autónomas, microempresas e sector da hostalaría, e estado de execución do I Plan.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Programa galego de detección precoz do cancro de mama (PGDPCM) Resultados 1992-2019.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da tramitación de emerxencia da contratación da sexta subministración de diverso material para facer fronte á covid-19 nos centros da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, por importe de tres millóns setecentos corenta e dous mil catro euros con trinta e catro céntimos (3.742.004,34 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da tramitación de emerxencia do expediente de contratación da subministración de equipamento para afrontar a covid-19: ventiladores non invasivos con dous niveis de presión,



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

tomógrafos de impedancia eléctrica e equipamentos de radioloxía portátil para hospitais do Servizo Galego de Saúde, por importe de dous millóns trescentos corenta e catro mil trinta e nove euros con dezaseis céntimos (2.344.039,16 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o Plan de formación da Dirección Xeral de Defensa do Monte.
- Informe sobre a situación das axudas PAC do FOGGA 2020 e as novidades de 2021.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a execución dos equipamentos portuarios do programa operativo 2016-2020 e a nova convocatoria para 2021.



O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A LUIS LÓPEZ DIÉGUEZ COMO DELEGADO TERRITORIAL DA XUNTA EN PONTEVEDRA

- *Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Ata agora era alcalde de Rodeiro e deputado provincial na Deputación de Pontevedra*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de Luís López Dieguez como novo delegado territorial da Xunta en Pontevedra, en substitución de Luisa Piñeiro Castro.

Luis López Dieguez naceu no concello de Rodeiro, onde foi alcalde ata a data. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, desenvolveu o seu labor profesional na empresa privada como técnico de organización.

Alcalde de Rodeiro desde o ano 2011, cargo que revalidou con maiorías absolutas en 2015 e 2019. Desde 2019 tamén foi deputado provincial na Deputación de Pontevedra. Entre 2011 e 2019 presidiu a Mancomunidade Terras do Deza. E entre 2003 e 2007 foi concelleiro de Educación, Cultura e Deportes.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE XERMADE DUN TREITO ANTIGO DA ESTRADA PROVINCIAL QUE COMUNICA CABREIROS E TOUZA

- *Trátase da estrada LU-P-2209, de 140 metros de lonxitude, que comeza á altura da marxe esquerda da estrada autonómica LU-861, que une Vilalba e Igrexafeita, e remata no paso inferior da autoestrada AG-64, Ferrol-Vilalba*
- *Con esta transferencia o Concello asume a xestión e conservación desta vía*
- *O cambio de titularidade será efectivo desde o día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Xermade dun treito antigo da estrada LU-P-2209 que comunica Cabreiros e Touza.

O Concello de Xermade solicitou á Deputación Provincial de Lugo a cesión do treito antigo desta vía provincial, de 140 metros de lonxitude. Este treito da LU-P-2209 comeza á altura do punto quilométrico 16+560, na marxe esquerda da estrada autonómica LU-861, que une Vilalba e Igrexafeita, e remata no paso inferior da autoestrada AG-64, Ferrol-Vilalba.

A deputación dá a súa conformidade á transferencia da titularidade deste antigo treito de vía provincial.

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o Concello de Xermade terá a competencia para actuar nesta vía e asume a súa xestión e conservación.

O cambio de titularidade será efectivo desde o día seguinte da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*.

A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación no DOG mediante a sinatura da correspondente acta de entrega entre concello e deputación.

A partir da formalización da entrega, corresponderanlle ao Concello de Xermade todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía.

O SERGAS CREA A CATEGORÍA DE PERSOAL MÉDICO DE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO

- *O Servizo Galego de Saúde é pioneiro na creación desta nova categoría dentro do Sistema nacional de saúde*
- *Recollida dentro do Plan galego de hospitalización a domicilio, a figura do médico de HADO busca impulsar esta alternativa á hospitalización convencional, garantindo aos pacientes a mellor asistencia no seu domicilio e, polo tanto, cun menor custo persoal e familiar*
- *Na actualidade existen 55 equipamentos de HADO que prestan servizo a máis de dous millóns de pacientes*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou o Decreto polo que se procede a crear unha categoría estatutaria propia de persoal médico de hospitalización a domicilio (HADO).

Galicia é a primeira comunidade autónoma dentro do Sistema nacional de saúde que dota as unidades de HADO dunha categoría profesional propia independente doutros servizos clínicos.

Coa creación da figura do médico de HADO, que aparecía recollida no Plan galego de hospitalización a domicilio, preténdese impulsar esta alternativa á hospitalización convencional, garantindo aos pacientes a mellor asistencia no seu domicilio, e, polo tanto, cun menor custo persoal e familiar. Trátase de equiparar a asistencia hospitalaria a domicilio coa dos pacientes ingresados en réxime de hospitalización convencional para todos os efectos, tanto administrativos como asistenciais, incluídas as prestacións farmacéuticas.

Do mesmo xeito, búscase substituír o hospital nas súas distintas áreas asistenciais para aqueles doentes que, pola súa enfermidade ou estadio evolutivo, teñen o domicilio en réxime de hospitalización como a mellor opción asistencial. Outro dos obxectivos é establecer criterios de calidade que permitan a mellora continua da atención domiciliaria prestada polo Servizo Galego de Saúde.

O decreto aprobado hoxe recolle as funcións e requisitos para acceso ás prazas, coa convocatoria dun concurso específico para acceso ao persoal que actualmente realiza as funcións noutras categorías médicas. As unidades que prestan servizos de HADO nos hospitais están conformadas por persoal médico de distintas especialidades, como urxencias, medicina interna ou xeriatria.

Ben que o Plan galego de hospitalización a domicilio prevé o incremento de prazas durante a súa vixencia, nos orzamentos do ano 2021 está recollida a dotación de 15

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

prazas (10 de enfermaría e 5 de médicos) coa finalidade de alcanzar 60 equipos de HADO en Galicia. Actualmente, hai 55 equipos que prestan servizos a máis de 2.000.000 pacientes. Cos incrementos no cadro de persoal darase cobertura a máis de 2.500.000 pacientes.

A dotación de prazas para o concurso específico realizarase mediante as modificacións que procedan nos cadros de persoal, coas limitacións e de conformidade coas previsións establecidas nas disposicións orzamentarias en vigor. Unha vez publicado o decreto, convocarase concurso específico de acceso que permitirá ao persoal fixo que presta servizos en HADO integrarse na nova categoría.

Coa aprobación deste decreto, o Servizo Galego de Saúde segue a dar resposta aos cambios derivados do progresivo envellecemento da poboación e, polo tanto, ao aumento dos pacientes crónicos, pluripatolóxicos e complexos. Así mesmo, facilítase a accesibilidade a coidados por parte da poboación máis vulnerable, con persoal especialista e formado especialmente nestes coidados.

A XUNTA APROBA O PLAN ANUAL 2021 DA COOPERACIÓN GALEGA QUE INCREMENTA O SEU ORZAMENTO NUN 12 % ATA OS 7,4M€

- *O Goberno galego cumpre co compromiso do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 de garantir un crecemento anual deste programa igual ou superior ao 11,4 %*
- *A Xunta impulsa unha estratexia de resposta á covid-19 para adaptar os recursos do Plan anual de 2021 á loita contra o coronavirus e á atención aos colectivos máis vulnerables e máis afectados pola pandemia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan anual 2021 da cooperación galega para o desenvolvemento, que conta cunha dotación orzamentaria de 7,4 millóns de euros, o que supón un incremento de máis de 801.400 euros respecto ao ano pasado. Con este aumento do 12 % no orzamento, a Xunta dá cumprimento ao compromiso de garantir un incremento anual do programa orzamentario de cooperación para o desenvolvemento igual ou superior ao 11,4 %, adquirido no marco do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021, que remata a súa vixencia neste exercicio.

O Plan xa conta co visto e praxe do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode), que emitiu un informe favorable por unanimidade na súa reunión do pasado 27 de xaneiro.

Como novidade, cabe destacar que o Plan desenvolverase tomando como base a Estratexia de resposta á covid-19 da cooperación galega, documento que foi elaborado, en colaboración cos axentes galegos de cooperación, a partir dunha diagnose da execución dos proxectos que están en marcha co fin de adaptarse ao novo contexto da pandemia, de tal forma que os recursos e instrumentos da cooperación galega se orientarán de cara a facilitar a loita contra o coronavirus e dar resposta ás persoas e colectivos máis vulnerables. A dita estratexia será complementaria do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 e incorpórase como anexo ao Plan anual 2021 da cooperación galega.

Entre as actuacións incluídas no Plan anual destacan as tradicionais convocatorias públicas plurianuais de subvencións para proxectos de cooperación no exterior e outros axentes de cooperación; proxectos de acción humanitaria; iniciativas de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global; proxectos de investigación para o desenvolvemento; ademais da convocatoria de 6 bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento.

Ademais, manterase a liña financeira para axuda humanitaria ou de emerxencia co obxectivo de dar resposta por parte da Xunta cando se produza un chamamento

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

internacional por mor dunha catástrofe ou crise humanitaria e tendo en conta o actual contexto da pandemia da covid-19.

Así, o Plan 2021 recolle a sinatura de convenios coa Axencia de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) e a Cooperación Descentralizada, Farmamundi, a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai (SOGAPS), os comités españois das Axencias das Nacións Unidas, ACNUR e UNRWA, entre outras organizacións.

No ámbito da educación para o desenvolvemento, a sensibilización, a formación e o fortalecemento institucional, asinaranse convenios de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e as tres universidades galegas.

Así mesmo, levarase a cabo a oitava edición do programa de Educación para o Desenvolvemento *Cooperación galega: O mundo que queremos*, enmarcado no Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e no que a Xunta colabora coas entidades Solidariedade Internacional de Galicia, AGARESO e Asemblea de Cooperación pola Paz.

O Plan anual dará continuidade á cooperación técnica en materia de pesca e acuicultura en colaboración coa Fundación CETMAR, ou en materia de recursos hídricos con Augas de Galicia, co obxectivo de financiar proxectos de asistencia técnica que faciliten o fortalecemento institucional a través da transmisión de coñecementos e tecnoloxía aos países do Sur.

Impartirase tamén unha nova edición do curso monográfico *A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable e a súa implementación nas administracións públicas galegas*, dentro do Plan de formación da EGAP para o ano 2021, xunto cunha edición especial do Programa TecEuropa 2021 destinada á formación de ONGD e outros axentes galegos de cooperación en materia de financiamento comunitario, que conta coa colaboración da Fundación Galicia Europa.

Do orzamento total do programa, uns 3,7 euros destinaranse a dar cumprimento ao financiamento dos proxectos aprobados en 2020 e que teñen continuidade no 2021.



O CAMPUS DO MAR EN VIGOR RECIBE UN PULO IMPORTANTE COA APROBACIÓN DO ÚLTIMO DOS TRES PROXECTOS SECTORIAIS PROMOVIDOS POLA XUNTA

- *O chamado PS-1 ordena e detalla unha área de 20.000 metros cadrados na antiga ETEA destinada a albergar espazos libres, zonas verdes e o sistema viario tanto interior como exterior do futuro Campus, cun investimento estimado de 10 millóns*
- *Entre as principais actuacións previstas, cómpre subliñar a reurbanización da praza de Armas e da avenida Central, o acondicionamento dos espazos lindeiros da praia da Punta da Guía a as conexións cos sistemas xerais de infraestruturas*
- *En canto aos outros cinco proxectos necesarios para desenvolver o ámbito, dous están en trámite (PS-2 e PS-3), un foi aprobado (PS-6), outro xa está executado (PS-5) e o que depende do Concello de Vigo (PS-4) aínda non iniciou o trámite ambiental*
- *O obxectivo final é implantar un proxecto estratéxico para Galicia, chamado a converterse nun referente en materia de investigación e innovación no eido mariño, aumentar o atractivo público do espazo como elemento que revitalice o barrio vigués de Teis-A Guía e garantir a integración do conxunto nos valores da contorna*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá definitivamente o Proxecto sectorial da área de viarios, espazos libres e infraestruturas (PS-1) do futuro Campus do Mar en Vigo. A decisión permitirá desenvolver un ámbito de algo máis de 20.000 metros cadrados que cumprirá unha función vertebradora de todos os ámbitos que integran o futuro complexo, xa que albergará espazos de uso libre, zonas verdes e tamén as conexións tanto interiores como exteriores.

O acordo supón, ademais, un paso importante para seguir avanzando no desenvolvemento deste ambicioso complexo de carácter científico-tecnolóxico nos terreos que ocupaba a antiga Escola de Transmisións e Electricidade da Armada (ETE), xa que deste xeito os tres proxectos sectoriais promovidos pola Xunta de Galicia están xa aprobados ou executados.

Cómpre lembrar que debido ao seu carácter estratéxico para o conxunto de Galicia, o Campus Científico-Tecnolóxico do Mar foi declarado de incidencia supramunicipal, e, en 2012, aprobouse o seu Plan sectorial de ordenación territorial como instrumento encargado de fixar as condicións particulares para o seu futuro desenvolvemento.

Este plan conta cun triplo obxectivo. Por unha banda, a implantación do novo campus científico-tecnolóxico promovido pola Xunta, altamente especializado e chamado a ser un referente internacional en investigación mariña; a ordenación detallada dos usos



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

complementarios abertos á cidadanía, para facelo un espazo máis atractivo e que contribúa á revitalización do barrio de Teis-A Guía en que se enmarca, e, por último, a súa integración nun ámbito de singular valor cultural e paisaxístico respectando os valores da contorna.

O ámbito do PS-1

Para cumprir con este fin, o Plan sectorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da antiga ETEA prevé o seu desenvolvemento a través de seis proxectos sectoriais. Un deles é o PS-1, aprobado esta mañá e que ten por obxecto acondicionar para uso público unha superficie de 20.029 metros cadrados para destinalos a espazos libres, zonas verdes e a albergar o sistema viario do Campus.

Así, o PS-1 desenvolverá os espazos que permitirán vertebrar e conectar entre si todos os ámbitos do Campus do Mar, e tamén resolverá non só as conexións interiores do futuro complexo, senón a súa conexión coa cidade de Vigo, e, nomeadamente, co barrio de Teis.

En concreto, abrangue o viario de acceso desde a avenida Mariña Española, a praza Beiramar, o peirao leste e a súa explanada anexa, así como os espazos lindeiros á praia da Punta da Guía. O ámbito está totalmente urbanizado e carece de edificacións polo que o desenvolvemento previsto se centrará en levar a cabo a súa renovación e posta en valor.

Deste xeito, entre as principais obras que se van desenvolver de forma conxunta, cómpre subliñar a reurbanización da praza de Armas, limitando o tráfico rodado, e da avenida Central para potenciar os percorridos peonís e executar unha nova galería soterrada pola que discorrerán a maioría das novas redes interiores de servizos (abastecemento, electricidade e telecomunicacións) e o resto de canalizacións paralelas a ela (saneamento e gas).

Ademais, tamén se acometerá o acondicionamento do cantil e a súa explanada anexa, así como do espazo que rodea a praia de Punta da Guía, onde se prevé executar unha zona verde, un itinerario peonil e varios carrís bici en continuidade cos do PS-5.

Así mesmo, o proxecto sectorial do PS-1 tamén prevé acometer as conexións exteriores cos sistemas xerais de infraestruturas (entre outros, a conexión viaria na intersección coa avenida da Mariña Española, estación de tratamento, centro de transformación eléctrico...).

O investimento total previsto por parte da Xunta no ámbito do PS-1 ascende a 10 millóns de euros. Nesta contía inclúense os 2,8 millóns do custo do solo abonados xa no seu día, xunto co resto dos ámbitos adquiridos na ETEA, aos cales haberá que sumar a partir de agora o custo das obras de urbanización, as conexións exteriores e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

os gastos derivados da redacción do proxecto sectorial e de execución, cun investimento estimado en 7,13 millóns.

Estado de tramitación dos outros proxectos

Dos seis proxectos necesarios para desenvolver o Campus do Mar, dous están en tramitación (PS-2 e PS-3), outros dous acaban de aprobarse (PS-1 e PS-6) e un quinto foi xa executado (PS-5). O restante proxecto sectorial, correspondente ao ámbito PS-4 e que depende do Concello de Vigo, é o único que aínda non iniciou a tramitación ambiental.

Ademais da xa referida área de vías, espazos libres e infraestruturas, o PS-2 e o PS-3 son os encargados de desenvolver as áreas científico-tecnolóxicas 1 e 2, respectivamente; o PS-6 resérvase para os usos complementarios entre os que destaca a construción dunha residencia para maiores con 150 prazas públicas; o PS-4 é o relativo á área de equipamento deportivo, usos complementarios dotacionais e parque urbano; e o PS-5, xa desenvolvido na súa totalidade pola Xunta, alberga, entre outros elementos recreativos, unha pista de patinaxe, unha pista de *skate*, carril-bici, dúas pistas multideporte e un parque infantil.

En total e ata o momento, a Xunta de Galicia xa leva executado un investimento de 7,7 millóns de euros en actuacións relacionadas cos tres ámbitos que promove directamente: o PS-1, o PS-5 e o PS-6. Nesta contía está incluído o custo do solo adquirido no seu día na ETEA, así como as obras rematadas xa desde 2015 na área de usos recreativos (PS-5).

Cómpre lembrar que cada un dos seis proxectos deben superar cadanseu trámite ambiental promovido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático. Logo, continúan a súa tramitación ante a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, e, por último, elévanse ao Consello da Xunta para a súa aprobación definitiva.



O CONSELLO DA XUNTA DÁLLE O VISTO E PRACE AO PROXECTO DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES DA INTERMODAL DA CORUÑA, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO TOTAL DE 27,4 MILLÓNS E XERARÁ 500 EMPREGOS

- *Culmina así a tramitación urbanística do proxecto, que ten un orzamento de 17,4 millóns de euros para a terminal de autobuses que asumirá a Xunta e se completa co aparcadoiro subterráneo que financiará o Concello con 10 millóns*
- *Construirase unha nova estación de autobuses ao carón da terminal ferroviaria da avenida de Sardiñeira, con 26.000 m², espazo para 18 dársenas e cun edificio de viaxeiros de 1.291 m², sobre un aparcadoiro de 325 prazas*
- *A licitación das obras está supeditada á autorización por parte do Goberno de España do convenio de colaboración coa Xunta e o Concello para o impulso conxunto da estación intermodal, pendente de ser asinado desde outubro*
- *Resta tamén que o Ministerio de Transportes remate o proxecto de elementos comúns que define as actuacións necesarias para a execución independente da estación ferroviaria e da terminal de autobuses*
- *As actuacións deberán completarse coa nova terminal ferroviaria de San Cristóbal, pendente de licitación polo Goberno por 48,5 M€, e coa urbanización dos accesos, a cargo do Concello*

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao proxecto da estación de autobuses integrada na intermodal da Coruña, que suporá un investimento total de 27,4 millóns de euros e levará aparellados preto de 500 postos de traballo.

Coa aprobación hoxe polo Consello da Xunta culmina a tramitación urbanística do proxecto a través da Lei 3/2016, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese, que permitiu a redución dos prazos.

A actuación, que desenvolverá o Goberno galego a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, ten un orzamento de 17,4 millóns de euros para a terminal de autobuses e complétase cun aparcadoiro subterráneo que financiará o Concello da Coruña con 10 millóns e explotará comercialmente durante 20 anos.

O proxecto prevé a construción dunha nova estación de autobuses ao carón da terminal ferroviaria da Sardiñeira, cunha superficie de 26.000 m², con espazo para 18 dársenas e cun edificio de viaxeiros de 1.291 m², sobre un aparcadoiro de 325 prazas.

A estación intermodal da Coruña complétase coa remodelación da estación ferroviaria, pendente de licitación polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana cun orzamento de 48,5 M€, así como coa urbanización dos accesos que lle corresponden ao Concello da Coruña.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O Goberno galego mantén a súa folla de ruta para seguir avanzando cara á dotación á cidade da Coruña dunha nova infraestrutura de transporte esencial como nexo de comunicación e de cara a garantir un modelo de mobilidade máis sustentable.

Coa aprobación hoxe do proxecto básico da terminal de autobuses, a Xunta de Galicia estará en disposición de concluír o proxecto construtivo e de licitar as obras.

Porén, a licitación das obras por parte da Xunta está condicionada á sinatura do convenio marco de colaboración entre o Goberno galego, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e o Concello da Coruña para o desenvolvemento da estación intermodal e a súa integración urbana. O citado convenio permanece á espera da autorización do Goberno de España para a súa sinatura desde o pasado mes de outubro.

A Xunta e o Concello da Coruña deberán concretar nun convenio os termos da execución e do financiamento do aparcadoiro subterráneo situado baixo a estación de autobuses.

Cómpre, ademais, a redacción do proxecto de elementos comúns que está a redactar o Ministerio de Transportes, a través de Adif, no cal se recollerán as actuacións necesarias para que se poidan executar por separado a remodelación da estación ferroviaria e a terminal de autobuses.

A Xunta de Galicia está a apostar con determinación pola intermodalidade en Galicia, a través do deseño de infraestruturas funcionais, eficientes e estéticas que permitan un intercambio áxil e seguro entre os distintos modos de transporte.



A XUNTA ACHEGA PRETO DE 32.000 € AO CONCELLO DE VILALBA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR NA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL

- *A Consellería de Cultura, Educación e Universidade subvencionará os menús de 49 usuarios desta escola infantil*
- *O Goberno galego mantén apoios deste tipo en 206 comedores escolares a través de acordos con 16 concellos de Galicia e con anpas*
- *Nos comedores de xestión da Consellería, oito de cada dez usuarios teñen o servizo totalmente gratuíto ou pagan 1€/menú*

O Goberno galego colaborará co Concello de Vilalba na prestación do servizo de comedor escolar na Escola de Educación Infantil (EEI) de Vilalba, cunha achega de 31.727,50 euros, segundo o convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e este concello da Terra Chá.

No marco deste convenio, a Consellería subvencionará os menús escolares de 49 comensais da EEI de Vilalba durante o que resta do actual curso 2020/21 e durante todo o curso 2021/22, que é o seu período de vixencia. Pola súa banda, o Concello de Vilalba comprométese a asumir a xestión e organización deste comedor escolar, o que abrangue a contratación da elaboración e servizo dos menús, así como o coidado e asistencia do alumnado durante as comidas.

A través destas accións a Xunta de Galicia favorece a conciliación da vida escolar e familiar e reforza o seu apoio a este concello que decidiu facerse cargo da xestión deste servizo complementario na EEI de Vilalba. Ao mesmo tempo, continúaase coa aposta pola dotación e mantemento de servizos educativos complementarios no rural galego, que redunda nun beneficio para o conxunto da comunidade da zona.

Colaboración con Concellos, anpas e entidades

A día de hoxe, e contabilizando xa o acordo con Vilalba que entrará en vigor nas próximas semanas, a Consellería de Educación mantén convenios de colaboración con 16 concellos de Galicia, a través dos cales financia os menús de 4.754 usuarios de 53 centros públicos. A maiores, tamén destina axudas a Anpas para a xestión de 153 comedores que suman outras 11.904 prazas.

Non obstante, a meirande parte dos comedores escolares en Galicia están xestionados por parte da propia consellería, cun total de 418 que atenden 62.163 usuarios. Cómpre lembrar que no caso destes comedores escolares, o 80,6 % dos usuarios teñen o servizo totalmente de balde ou pagando tan só un euro, mentres que a contía máxima de 4,5 euros/día é aboada un 14,6 % dos usuarios. Esas cifras confirman que o servizo



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

de comedor escolar en Galicia, baseado na renda familiar, é un dos sistemas máis xustos e asequibles para as familias de todo o Estado español.

No actual curso 2020/21, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade destina preto de 30 millóns de euros aos comedores de xestión propia, así como ao cofinanciamento dos comedores xestionados polos concellos e polas anpas e outras entidades. Esta cifra supón duplicar o orzamento de 14,6 millóns que se destinaba en 2007 a este mesmo fin. Ademais o número de prazas de comedores incrementouse en 16.987 desde o curso 2008/09, un 30 % máis neste período.

Así mesmo, no que atinxe ao apoio ao alumnado con necesidades especiais de atención educativa, a Consellería mantén acordos de colaboración cun total de 20 entidades para contribuír ao financiamento da prestación do servizo de comedor adaptado durante o presente curso 2020/21. Unha medida da cal se benefician 528 alumnos e que supón un desembolso de 223.491,46 euros por parte da Administración autonómica para este fin.





INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA DESTINA 3,8M€ Á NOVA EDICIÓN DO PROGRAMA IGNICIA PARA LEVAR AO MERCADO OS RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN GALEGA

- *A iniciativa da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, que se desenvolve en colaboración coa Fundación Barrié, potencia a transferencia de coñecemento dos centros de I+D+i ás pemes, impulsando así a competitividade da economía galega*
- *Lanzarase unha convocatoria pública co obxectivo de apoiar arredor de sete proxectos con capacidade de xerar beneficios sociais e económicos*
- *Tamén se potenciará a especialización e consolidación e a contratación de profesionais con formación científica capaces de definir estratexias de comercialización*
- *Desde a súa posta en marcha en 2016, Ignicia financiou con 7M€ un total de 16 proxectos, contribuíndo á creación ou mantemento de máis de 120 postos de traballo de alta cualificación*
- *Ademais, creáronse 7 novas empresas ao abeiro do programa que supuxeron ata o momento 42 novos empregos*
- *Os proxectos finalizados con éxito xerarán retornos que permitirán ao Goberno galego seguir apoiando novos proxectos*

A Xunta de Galicia vai destinar 3,8 millóns de euros á nova edición do programa Ignicia, unha iniciativa que se desenvolve en colaboración coa Fundación Barrié que busca levar ao mercado os resultados da investigación galega e potenciar a transferencia do coñecemento dos centros de I+D+i ás pemes, impulsando así a competitividade da economía galega.

Nas próximas semanas, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), activará unha convocatoria pública co obxectivo de seleccionar arredor de sete proxectos con capacidade de xerar beneficios sociais e económicos. Por outro lado, desenvolveranse diferentes accións de capacitación, valorización e comercialización de resultados da I+D+i, que teñen entre os seus obxectivos a especialización e a incorporación aos centros de coñecemento de profesionais con formación científica capaces de definir estratexias de comercialización de resultados, así como estimular a detección de novos proxectos de transferencia.

As iniciativas presentadas á convocatoria pública deberán ter a capacidade de xerar resultados con aplicación na sociedade, con potencial comercial e de xeración de retornos económicos. Calcúlase que cada proxecto apoiado poderá recibir un investimento medio de 400.000 euros, implicando a arredor de 50 profesionais de alta cualificación, a metade deles de nova contratación.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Ademais do apoio económico, o programa Ignicia ofrece aos seus beneficiarios asesoramento e contacto con potenciais socios ou clientes e acompañamento durante todo o proceso de comercialización. Esta iniciativa tamén pon en valor as tecnoloxías galegas máis relevantes desde un punto de vista científico e de negocio e apoia tanto a creación de empresas tecnolóxicas que poidan competir a escala global como a transferencia por medio de licenzas aos actores máis relevantes do sector.

O investimento a que acceden os proxectos seleccionados realízase mediante a figura da achega patrimonial onerosa, para financiar os custos derivados de levar a tecnoloxía ao mercado de acordo cos fitos marcados nun plan de desenvolvemento e comercialización. Os beneficiarios deberán reintegrar parte dos retornos económicos xerados pola comercialización dos resultados científico-tecnolóxicos do proxecto, xa sexan patentes, software, coñecemento ou procedementos, entre outros. Os retornos que a Xunta vaia obtendo dos proxectos apoiados volveranse empregar para o investimento de novos proxectos.

As propostas que se presenten pasarán por un proceso de avaliación en dúas fases no que participa un panel de expertos internacionais de Oxentia, a empresa de transferencia de tecnoloxía da Universidade de Oxford, xunto con expertos da Fundación Barrié e de Gain.

No tocante á capacitación, valorización e comercialización de resultados da I+D, continuaranse levando a cabo diferentes accións orientadas a estimular a detección de novos proxectos de transferencia, así como a formar e incorporar aos centros de coñecemento profesionais con formación científica capaces de definir estratexias de comercialización de resultados. Un dos obxectivos fixados é contar este ano con 35 profesionais certificados a nivel internacional no ámbito da transferencia de coñecemento.

Balance das dúas primeiras convocatorias

Ignicia é unha iniciativa pioneira en España que ten como finalidade poñer en valor e apoiar o desenvolvemento das aplicacións comerciais das investigacións xeradas polos centros de coñecemento galegos. Desde a súa posta en marcha en 2016 en colaboración coa Fundación Barrié, o programa financiou un total de 16 proxectos, cun investimento global de 7 millóns de euros, e deu lugar á creación de sete novas empresas *spin-off*, oito acordos de licenza e tres acordos de investimento por 2,75 millóns de euros. Destes 16 proxectos, oito xa finalizaron, transferindo a tecnoloxía ao mercado.

Durante o seu desenvolvemento, os proxectos apoiados polo programa Ignicia implicaron a creación ou mantemento de 123 empregos de alta cualificación nas entidades beneficiarias. Ademais, as *spin-offs* creadas ao abeiro do programa xeraron, ata o momento, 42 novos postos de traballo de alta cualificación.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O programa Ignicia enmárcase no compromiso da Xunta nunha economía baseada no coñecemento, que vén de ser reforzado coa posta en marcha a semana pasada da comisión interdepartamental de I+D+i, co obxectivo de potenciar a planificación e coordinación dos obxectivos, actuacións, instrumentos e fondos de Galicia nesta materia.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

O CONSELLO DA XUNTA DECLARA A PRIMEIRA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE CASTRO DE REI

- *A ARI comprende un número total de 88 inmobles con 76 vivendas en 67 edificacións de carácter residencial, das que 55 son susceptibles dalgún tipo de rehabilitación ou renovación*
- *Este ámbito de rehabilitación distribúese por doce rúas e lugares do concello e suma unha superficie de 13 Ha.*
- *Ao contar cunha área de rehabilitación, os veciños e os concellos poden beneficiarse das axudas que recolle este programa, cuxa próxima convocatoria se publicará no mes de marzo e contará cun orzamento de máis de 3,5 millóns de euros*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a declaración da primeira Área de Rehabilitación Integral de Castro de Rei, polo que o número de ARI declaradas en Galicia se eleva a 72, ás cales se suman as tres áreas supramunicipais.

A ARI de Castro de Rei abrangue o ámbito do conxunto histórico, o solo urbano contiguo, o solo de núcleo rural da parte adxacente do núcleo rural de Portomuiño ao Norte, o solo de núcleo rural de Samesugueiras ao Sur, así como o solo urbano inmediato polo sueste ata o cruzamento coa estrada a Prevesos; polo que suma unha extensión de máis de 13 Ha.

A declaración desta área está xustificada polo feito de que esta delimitación forma un conxunto con similares características tipolóxicas, socioeconómicas e de unidade vinculada co conxunto histórico artístico, xerme do núcleo de Castro de Rei.

Así, o ámbito de rehabilitación comprende as seguintes rúas e lugares: Poeta Aquilino Iglesias Alvariño, Camiño de Circunvalación, Praza da Igrexa, Poeta Crecente Vega, Rúa Amigos da Feira, Francisco de Fientosa, Camiño Azúmara, Alcalde Emilio Sinde Nieto, Praza Maior, Manuel Becerra y Bermúdez, Camiño de Samesugueiras e lugar de Portomuiño.

A ARI comprende un número total de 88 inmobles, onde se localizan 76 vivendas en 67 edificacións de carácter residencial, das que 55 son susceptibles dalgún tipo de rehabilitación ou renovación. Ademais, existen 21 inmobles doutra tipoloxía.

Deste xeito, neste ámbito pódense levar a cabo actuacións de reconstrución, para aquelas edificacións en estado de ruína, na actualidade, e que precisan de labores de reconstrución conservando aqueles elementos susceptibles de aproveitamento; de rehabilitación integral, aquelas vivendas con patoloxías de tal gravidade que



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

aconsellan recuperar só a envolvente e aqueles elementos de tipoloxía merecedores da súa conservación, e dotar a edificación da habitabilidade precisa adaptándose á normativa e ás técnicas actuais; e por último, de renovación, é o grupo de actuación máis numeroso, e prevé actuacións sobre aquelas edificacións que presentan patoloxías concretas dunha entidade relativamente escasa ou ben que presenten materias considerados como desacordes co contorno. Nese sentido, recoméndanse as seguintes renovacións: carpintarías exteriores, fachadas, material de cubrición ou doutro tipo como demolicións parciais, substitucións etc.

Cómpre lembrar que coa declaración dunha ARI, as persoas que sexan propietarios dun inmovible, e que desexen rehabilitar, poden acceder a incentivos e axudas de ata 24.000 euros por vivenda.

Así mesmo, o concello tamén poderá recibir axudas para actuacións de urbanización e reurbanización de espazos públicos no ámbito da ARI. Esta axuda está condicionada á rehabilitación de vivendas e ten un importe de ata 2.000 euros por cada vivenda que fose rehabilitada; así como para o financiamento da oficina municipal de rehabilitación.

Segundo as previsións da Xunta, a nova convocatoria de axudas para o ano 2021 sairá publicada no vindeiro mes, e prevese un orzamento de 3,4 millóns de euros para o conxunto de concellos que contén cunha ARI declarada e que soliciten fondos.

UN NEGOCIO QUE SE BENEFICIE DO PRIMEIRO E SEGUNDO PLAN DE RESCATE DA XUNTA PODERÁ ACADAR AXUDAS DE ATA 24.200 EUROS EN CATRO MESES

- *O Consello da Xunta informou hoxe do II Plan de Rescate que a Xunta activará este mes con 75 millóns de euros para persoas traballadoras autónomas e microempresas e para os sectores máis afectados pola pandemia*
- *O segundo plan de rescate elevará a contía máxima das axudas a case 16.000 euros para as actividades máis afectadas pola covid-19*
- *O Plan abre unha liña específica, a maiores da hostalaría, para actividades afectadas polos peches sanitarios desde xaneiro como ximnasios, centros de ocio e espectáculos, feirantes ou parques infantís*
- *As axudas serán maiores canta maior sexa a baixada na facturación dos negocios e maior o número de empregados contratados*
- *Ao igual que no I Plan, as solicitudes serán tramitadas de xeito áxil e con pouca burocracia, o que permitirá que os pagos cheguen en cuestión de días*
- *A Xunta concedeu 33.605 axudas no primeiro plan de rescate por importe próximo aos 70 millóns de euros, máis da metade dirixíronse á hostalaría*

O Consello da Xunta de Galicia vén de informar do II Plan de Rescate que o Goberno galego activará este mes para apoiar as actividades económicas máis afectadas polas medidas sanitarias desde o pasado xaneiro. A convocatoria conta con 75 millóns de euros de orzamento. Grazas a un sistema sinxelo de tramitación, as primeiras axudas poderán chegar en cuestión de días unha vez aberto o prazo de solicitude no Diario Oficial de Galicia (DOG). Este novo plan elevará ata os 15.700 euros as cantidades máximas a percibir polos establecementos máis prexudicados nesta fase da pandemia.

As axudas do segundo plan de rescate son compatibles e acumulables coas do primeiro plan, que abonou máis de 33.000 apoios económicos directos aos sectores especialmente paralizados pola pandemia. Deste xeito, un negocio ou establecemento que se beneficie das dúas convocatorias podería percibir en catro meses un mínimo de 3.400 euros (sumando os 1.500 euros axuda mínima do primeiro plan e os 1.900 do importe mínimo da segunda convocatoria) ata un máximo de 24.200 euros (8.500 máximo primeiro plan e 15.700 do segundo).

O II Plan de Rescate estrutúrase en dúas liñas de axuda. Unha primeira, para persoas traballadoras autónomas e microempresas; e unha segunda, de axudas automáticas para o sector da hostalaría e outras actividades pechadas desde o pasado mes de xaneiro. Precisamente esta é unha das novidades do plan, que terá en conta, ademais das da hostalaría, as necesidades doutras actividades afectadas polas últimas medidas sanitarias que obrigan a pechar establecementos como poden ser os ximnasios, salas de espectáculos ou parques de ocio infantil, entre outros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O Goberno galego segue a acompañar con axudas directas aos empresarios que enfrontan con maiores dificultades esta fase da pandemia. Cos apoios preténdese contribuír ao mantemento da súa actividade económica e do emprego. A tramitación dos novos apoios realizarase unha vez máis de xeito áxil, con pouca burocracia, o que permitirá que os primeiros pagos cheguen en cuestión de días, antes incluso de que remate o prazo de solicitude, como ocorreu co primeiro plan.

O Plan naceu, unha vez máis, do consenso cos axentes sociais, e se perfilou coa Mesa do Emprego Autónomo e no seo do Diálogo Social así como en numerosas xuntanzas mantidas cos representantes sectoriais das diferentes actividades.

En canto aos destinatarios das axudas, identifícanse catro perfís: persoas traballadoras autónomas, ás que se destinan 30 millóns de euros; microempresas, con outros 30 millóns; sector da hostalaría pechado total ou parcialmente (só servizo en terraza ou para recoller e domicilio) ao que se dirixen 12 millóns; e outras actividades non hostaleiras pechadas por mor da pandemia, que contarán con apoios por valor de 3 millóns de euros.

Contía e requisitos

Todas as axudas son compatibles entre si. Serán máis elevadas para os empresarios que teñan máis caídas na facturación e para aqueles establecementos que dean máis emprego e teñan que ter permanecido pechados por máis tempo. Nestes casos máis graves, as contías poden acadar os 15.700 euros nunha axuda directa.

Para acceder ás axudas, empresarios autónomos e microempresas deberán acreditar baixadas de facturación en 2020 de polo menos o 45% fronte aos datos de 2019. No caso da hostalaría e establecementos doutros sectores, bastará con que estivesen afectados polos peches e restricións que por mor da covid-19 se ordenaron no mes de xaneiro.

Para os autónomos establécese unha escala que vai dos 1.200 aos 3.000 euros de axuda directa. Para microempresas e persoas traballadoras autónomas con persoal ao seu cargo, os apoios irán dos 4.000 aos 9.000 euros. En canto aos establecementos hostaleiros e doutras actividades pechados por mor da pandemia desde xaneiro ofrécense axudas que van dos 1.900 euros aos 3.700 en función da duración da inactividade e do número de persoas empregadas.

Balance do I Plan

O novo plan chega para mellorar, máis se cabe, o primeiro Plan de rescate co que se abonaron 33.605 axudas en tempo récord, por un importe de 69 millóns de euros. Preto do 60% se dirixiron ao sector da hostalaría (19.998), que percibiu, deste xeito, 38,8 millóns de euros.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Tamén outros sectores resultaron beneficiarios. O comercio percibiu 9 millóns de euros e as axencias de viaxes e operadores turísticos preto de 1,2 millóns en forma de axuda directa. Outros 3,1 millóns do I Plan de Rescate chegaron a actividades artísticas, recreativas e de entretemento.





INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O PROGRAMA GALEGO DE DETECCIÓN PRECOZ DO CANCRO DE MAMA LEVA REALIZADAS 2,7 MILLÓNS DE EXPLORACIÓNS DESDE A SÚA POSTA EN MARCHA

- *A taxa media de participación, desde que comezou este cribado en 1992, foi dun 79,12 %, amplamente superior aos estándares europeos de calidade desexables situados no 70 %*
- *Malia a aparición da pandemia e a declaración do estado de alarma, o Programa rematou a avaliación de todas as mulleres que, resultando positivas, necesitaron completar o estudo mamográfico*
- *As mulleres participantes presentaron mellor supervivencia relativa que as do mesmo grupo de idade diagnosticadas á marxe do programa*
- *O cancro de mama é o tipo de tumor máis frecuente e a primeira causa tumoral de morte en mulleres*

O Programa galego de detección precoz do cancro de mama realizou 2.704.969 exploracións no período comprendido entre 1992, cando se puxo en marcha, e o ano 2019. Durante este intervalo de tempo, a participación global obtida foi do 79,12 %, sendo a do ano 2019 dun 81,84 %. A participación do programa a partir do ano 2006 é superior ao 75 %, sendo o obxectivo de participación desexable establecido polas Guías europeas de garantía de calidade en cribado e diagnóstico mamográfico do 70 %.

Grazas a este programa, no intervalo entre 1992 e 2018 diagnosticáronse 9.382 cancros nas pacientes remitidas ao hospital para estudo, o que supón unha taxa de detección de 3,68 cancros por 1.000 mulleres exploradas. No ano 2029 exploráronse un total de 149.674 mulleres, das que un 3,29 % (4.919 mulleres) foron remitidas a unha unidade de diagnóstico e tratamento, para completar as probas realizadas e obter un diagnóstico definitivo.

No ano 2020, malia a aparición da covid-19 e a declaración do estado de alarma, o Programa de detección precoz do cancro de mama rematou a avaliación de todas as mulleres que, resultando positivas, necesitaron completar o estudo mamográfico. Si que houbo que deter as invitacións á exploración mamográfica entre marzo e maio, que se foi recuperando paulatinamente, chegándose en xullo a niveis similares aos de antes da pandemia.

Impacto sobre a mortalidade e supervivencia

No ano 2013, a Dirección Xeral de Saúde Pública estudou a supervivencia das mulleres de 50-69 anos diagnosticadas con cancro de mama no período 1996-2009. As participantes no programa presentaron mellor supervivencia relativa que as do mesmo grupo de idade diagnosticadas á marxe do programa, cunha supervivencia relativa aos 5 anos de seguimento do 96,6 % fronte ao 83,1%.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

As conclusións do estudo estableceron que se produciron 910 mortes menos por cancro de mama das esperadas, o que representa unha diminución de máis dun 20 % de falecementos dos que poderían esperarse en ausencia de cribado.

Este efecto representa un impacto positivo do programa aínda que non pode ser diferenciado totalmente doutros factores, como poden ser as melloras no tratamento do cancro de mama.

O cancro de mama é o tipo de tumor máis frecuente e a primeira causa tumoral de morte en mulleres

Características do programa galego

A Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade puxo en marcha en 1992 este programa coa finalidade de abordar o problema de saúde que supón o cancro de mama. A poboación obxectivo á que está dirixido o programa son as mulleres entre 50 e 69 anos, tal e como marcan as directrices da Unión Europea. A proba básica de cribado é a mamografía cunha periodicidade de dous anos. Realízanse dúas proxeccións mamográficas (cranio-caudal e oblicua-medio-lateral) en cada mama.

A citación é persoal e por carta. Envíase nos 10-15 días previos a cita e nela especificanse o lugar, día e hora en que debe de acudir para a realización da proba mamográfica. Se a muller non acode, envíase unha nova citación, tamén por carta. Se o resultado é negativo, as mulleres reciben a información por carta personalizada, recomendándolles seguir no Programa e convidándoas a repetir o estudo ao cabo de dous anos. No caso de que sexa necesario realizar unha valoración clínica adicional para chegar a un diagnóstico, infórmase por carta certificada e con xustificante de recepción. Na mesma facilítaselles unha cita para seren atendidas nunha unidade hospitalaria de diagnóstico e tratamento. Esta carta remítese tres días antes da cita e, ademais, dous días antes da cita chámase á muller por teléfono para confirmala.



A XUNTA INVISTE MÁIS DE 3,7 MILLÓNS DE EUROS CONTRA A COVID-19 NA ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS

- *A meirande parte desta investimento, preto de 3 millóns de euros, vai para material de laboratorio e material sanitario*
- *A adquisición de todo este material e a contratación de obras e servizos xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19 que elaborou no seu día o Comité de expertos*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de emerxencia dun expediente de contratación, por valor total de 3.742.004 euros, para subministrar material fronte á covid-19 na Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras. Parte deste orzamento destínase, tamén, á realización de determinados traballos e servizos.

A meirande parte do referido orzamento, 1.611.706 euros, dedícase á compra de material de laboratorio. Destaca tamén outra partida orzamentaria de 1.301.253 euros que ten como obxectivo a adquisición de material e instrumental sanitario. Así mesmo, dentro deste expediente, recóllese a adquisición de produtos farmacéuticos cun importe total de 171.017 euros e a compra de material de vestiario por un total de 77.671 euros.

Dentro do mesmo orzamento, recóllense 87.783 euros para servizos de transporte e 48.505 euros para tarefas de seguridade. O resto do orzamento repártese entre obras de reparación, mantemento e conservación de edificios, construcións e maquinaria; e a adquisición de material informático e material non sanitario fundamentalmente.

A adquisición de todo este material e da contratación de obras e servizos detalladas xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19 que elaborou no seu día o Comité de expertos no seguimento do coronavirus, e que recolle, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles rebrotes. O Comité de expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das áreas sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urgencias hospitalarias.

A XUNTA INVISTE PRETO DE 2,5 MILLÓNS DE EUROS NA ADQUISICIÓN DE TOMÓGRAFOS, VENTILADORES E EQUIPAMENTOS DE RADIOLOXÍA PARA OS HOSPITAIS DO SERGAS

- *Estas compras enmárcanse no contexto dos protocolos da loita contra a pandemia da covid-19 que recollen, entre outras medidas, a adquisición dos materiais e recursos necesarios fronte á enfermidade*
- *Os destinatarios deste novo equipamento son os centros hospitalarios públicos das sete áreas sanitarias galegas*
- *Esta contratación é susceptible de financiamento no marco do Programa Feder Galicia 2014-2020*

A Xunta de Galicia investiu 2.344.039 euros na adquisición de equipamento para as sete áreas sanitarias. En concreto, trátase de 31 ventiladores non invasivos con dos niveis de presión, 16 equipamentos de radioloxía portátil e sete tomógrafos de impedancia eléctrica.

O obxectivo desta compra, que se realizou mediante a tramitación de emerxencia do expediente de contratación, é dotar os hospitais públicos galegos de máis recursos para facer fronte á esta terceira vaga da pandemia pola covid-19, á vista das cifras de ingresos hospitalarios, tanto en planta convencional como en uci.

Na covid-19, as manifestacións nos doentes son multiorgánicas, polo que se precisan desde medios diagnósticos potentes até medidas de ventilación mecánica. Aínda que as complicacións asociadas á enfermidade máis frecuentes son as de pulmón, tamén poden afectar o sistema vascular, corazón e a órganos sólidos abdominais, como son o fígado e o ril.

Neste contexto, a realización de estudos radiográficos óptimos e de precisión cobra máis importancia, tanto no pronóstico inicial como no seguimento a posteriori das distintas patoloxías asociadas aos pacientes covid. Para facilitar esta actividade, é fundamental que o equipamento poida desprazarse fóra das salas de radioloxía e se achegue aos pacientes no lugar en que estean ingresados. Por este motivo, son imprescindibles tanto os equipamentos de radioloxía portátil como os tomógrafos de impedancia eléctrica, que permiten visualizar o fluxo pulmonar medindo a ventilación e comprobando que o respirador estea correctamente colocado na vía aérea. Ata o de agora non había ningún destes tomógrafos nas UCI hospitalaria galegas.

Outro dos obxectivos é ter os centros hospitalarios preparados para dar resposta, non só con diagnóstico correcto senón tamén mellorando as condicións dos equipamentos, de xeito que permitan avanzar no tratamento da enfermidade á vista de novas



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

evidencias. Tal é o caso do tratamento dos pacientes con ventilación mecánica non invasiva, mediante equipamentos que contén con dous niveis de presión para usar tanto na UCI como fóra dela: urxencias, plantas de hospitalización convencional...

A contratación para adquirir este equipamento é susceptible de financiamento no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, obxectivo temático 1, prioridade de investimento 1.2, obxectivo específico 1.2.4 e actuación 1.2.4.1.



A XUNTA IMPARTIRÁ 230.000 HORAS LECTIVAS EN MATERIA DE INCENDIOS AOS TRABALLADORES DO DISPOSITIVO GALEGO CONTRA OS LUMES E ESTENDERÁ A FORMACIÓN AOS CONCELLOS E Á CIDADANÍA DEICA 2024

- *O Consello da Xunta deu luz verde ao informe da Consellería do Medio Rural sobre este Plan de formación, que beneficiará os case 3.000 traballadores do Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*
- *A maiores das accións formativas e para a actualización e adestramento do Spdcif, inclúense como novidades a instrución do persoal dos concellos que participa na extinción, así como a concienciación da sociedade rural*
- *A iniciativa -que comezou a implantarse en 2019- dá cumprimento ao Ditame da comisión parlamentaria que analizou os lumes forestais de 2017, que apostaba por fomentar a cualificación profesional e formación dos efectivos antiincendios*
- *Así mesmo, este proxecto a catro anos incorpora case un 90 % das achegas feitas polas organizacións profesionais e polas asociacións do servizo*

A Xunta impartirá preto de 230.000 horas lectivas aos case 3.000 traballadores do Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais (Spdcif) de Galicia, ao abeiro dun Plan de formación que tamén se estenderá aos concellos e á cidadanía deica o ano 2024. Así o recolle o informe da Consellería do Medio Rural que foi analizado hoxe na xuntanza semanal do Goberno galego e que dá continuidade ao sistema iniciado en 2019 pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, para garantir a maior eficacia do operativo antiincendios.

Cómpre salientar que este proxecto a catro anos incorpora case o 90 % das achegas feitas polas organizacións profesionais e polas asociacións do Servizo. A intención é seguir atendendo en cada exercicio ás suxestións dos propios efectivos e ir incorporando contidos axustándose tanto á realidade do Spdcif como á da loita contra o lume, evolucionando cara a unha maior carga práctica coa finalidade de achegarse o máximo posible ás situacións que se presentan no traballo para conseguir darlles resposta.

Catro programas

En concreto, o Plan consta de catro programas, dous deles dirixidos ao Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais, o terceiro deseñado para o persoal dos concellos que participa na extinción e o cuarto para a sociedade do rural. Os dous primeiros véñense implementando dende 2019, mentres os outros dous comezarán a materializarse no marco do presente Plan.

Primeiramente, a epígrafe da formación para o Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais consiste na impartición de 31 cursos -en modalidade presencial,



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

telemática ou mixta- co obxectivo, por unha banda, de reforzar a profesionalización dos efectivos antiincendios enmarcados nas 16 categorías existentes, e por outra, de preparalos de cara á eventual acreditación das súas capacidades mediante os certificados de profesionalidade relacionados cos lumes forestais. Evitando a tempada de alto risco de incendios, o Plan prevé incorporar este ano propostas novas sobre tecnoloxías aplicadas á extinción, xestión de comunicacións, grandes incendios, investigación de causas dos lumes, manexo de maquinaria forestal e motobombas, queimas prescritas, resolución de conflitos ou simulacros de incendios, buscando mellorar a súa capacitación.

Na segunda epígrafe, concibida para a actualización de coñecementos e adestramento do Servizo, o obxectivo é perfeccionar a organización e a eficiencia no traballo desenvolvendo máis de 40 iniciativas relacionadas coa seguridade laboral, cos grandes incendios e lumes de interface urbana forestal ou co manexo de equipamentos de traballo como os equipamentos de comunicación Tetra ou os novos vehículos de extinción. Este programa eminentemente práctico será de obrigado cumprimento para os efectivos e contará cunha estrutura a tres niveis: autonómico, provincial e de distrito. Na medida do posible, intentarase que os docentes pertencen ao Servizo, detectando aqueles traballadores que posúan unha determinada especialización para posibilitar que poidan transmitila ao resto do dispositivo, ademais de vixiar que o persoal repita asiduamente os procedementos e de preocuparse por descubrir novas necesidades formativas.

No terceiro programa, a finalidade é instruír os traballadores adscritos á Administración local que participan no operativo de extinción para que poidan desenvolver as súas funcións contando coa adecuada cualificación profesional e coordinados cos medios dispoñibles a nivel autonómico. A intención é estudar ao longo deste ano as necesidades formativas e definir as tarefas que poden realizar como apoio do persoal do Spdcif para iniciar xa en 2022 o adestramento, que será fundamentalmente práctico e se centrará, sobre todo, en temas relacionados coa seguridade e saúde no traballo, así como coa prevención de riscos.

En cuarto lugar, considérase formar e concienciar a poboación das áreas rurais, para que aprendan a autoprotexerse implicándose na prevención, colaborando cos efectivos antiincendios e axudando a dar coas causas e cos causantes dos lumes. As actuacións desta epígrafe deseñaranse conxuntamente coa Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), co obxectivo de que poidan ser incluídas no próximo Plan de formación ao agro galego cofinanciado con fondos Feader.

Cómpre sinalar que o Plan de formación para o Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais 2021-2024 dá cumprimento ao Ditame da comisión parlamentaria que analizou os lumes forestais de outubro de 2017 e, polo tanto, cúmprese o mandato do Parlamento galego que apostaba por fomentar a cualificación



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

profesional e formación dos efectivos antiincendios. Así, o Plan busca potenciar esa formación coa finalidade última de reforzar a anticipación, a extinción e a investigación dos lumes forestais en todo o territorio galego neste período de catro anos, aínda que con vocación de manter a iniciativa no tempo.



A XUNTA AXILIZARÁ O TRÁMITE E PAGAMENTO DAS AXUDAS DA PAC DA CAMPAÑA DO 2021 QUE SUMARÁN 205 M€ PARA UNS 25.000 SOLICITANTES

- *O Consello coñeceu un informe sobre as melloras que se van introducir e que atinxen por exemplo á posibilidade de usar novas ferramentas electrónicas para facer consultas e xestións e á extensión do sistema de control a 24 concellos*
- *Sobre a repartición de fondos, Galicia estima que as novas medidas do Ministerio sobre a converxencia do valor dos dereitos de pagamento básico suporán na práctica unha perda para os agricultores e gandeiros galegos de 1,35 millóns no 2022*
- *Cara o próximo período da PAC, as comunidades da Cornixa Cantábrica reclaman ao Goberno Central que se consideren as súas peculiaridades e que se respecte o modelo de explotación familiar sustentable do norte de España*

A Xunta introduciu diferentes melloras na campaña 2021 das axudas da PAC, para garantir unha maior axilidade na tramitación dos expedientes e do seu pagamento. Así o reflicte un informe da Consellería do Medio Rural avaliado hoxe polo Consello do Goberno galego e que detalla estas novidades. Entre elas, salientan a posibilidade de utilizar novas ferramentas electrónicas para facer consultas xerais ou particulares, así como para xestionar algúns aspectos das solicitudes presentadas.

Ademais, creouse unha nova capa gráfica no Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (Sixpac) cos predios de substitución das zonas de concentración parcelaria. Na maioría dos casos, isto permitirá facer a declaración gráfica das parcelas de substitución do mesmo xeito que se viña facendo no resto de parcelas Sixpac nos últimos anos. Isto beneficiará os titulares destes terreos, xa que terán moita maior facilidade para localizalos e identificalos.

A maiores, avanza tamén na extensión do sistema de control coñecido como monitorización, que consiste en utilizar as novas tecnoloxías e as imaxes de satélites sobre o 100 % das superficies declaradas no total das solicitudes para determinar que se respectan as condicións da axuda solicitada. Así, para introducir progresivamente este control -que será obrigatorio na nova PAC-, nesta campaña o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) estenderá a monitorización a un total de 24 concellos de toda Galicia (7 da provincia da Coruña, 8 da de Lugo, 6 de Ourense e 3 de Pontevedra). Outra das novidades introducidas na devandita campaña 2021 da PAC é que se mantén a excepción sobre os xurros ou fraccións liquidadas de dexeccións, de maneira que as aplicacións con sistemas como os de prato ou abano poderanse continuar realizando.

Impacto positivo no agro

No informe coñecido hoxe polo Consello da Xunta tamén se explica o impacto positivo das axudas directas e de desenvolvemento rural no agro galego, xa que supoñen unha



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

inxección media anual de arredor de 200 millóns de euros, e detállase a xestión que realiza do Fogga destes pagamentos. Así, infórmase de que ata o de agora pagáronse 148,5 millóns de euros de axudas directas da campaña 2020 e nos vindeiros meses está previsto acadar un total de 205 millóns de euros.

No que atinxe á campaña de 2021, esta comezou oficialmente o pasado día 29 de xaneiro, coa publicación da orde de convocatoria, polo que está aberto o prazo de solicitude. Estímase que haberá uns 25.000 solicitantes, que agruparán pagamentos por importes superiores a 205 millóns de euros (170 millóns para axudas directas e 35 millóns para desenvolvemento rural).

Outra conclusión do informe ten que ver coas negociacións de repartición de fondos da PAC. Neste sentido, advírtese que o recente Real decreto estatal de transición e converxencia non inclúe as alegacións presentadas no seu día por Galicia. Ademais, esta norma do Goberno central acelera a denominada converxencia, é dicir, a equiparación ou igualación do valor dos dereitos de pagamento básico dentro de cada rexión PAC. Isto representará, na práctica, unha redución do valor final dos dereitos de Galicia. O documento estima que suporá unha perda para os agricultores e gandeiros galegos de arredor de 1,35 millóns de euros para a campaña 2022.

Outros datos de interese que achega este informe teñen que ver coa repartición provincial e por concellos das axudas da PAC correspondentes á campaña do 2020. Nesta liña, traslada que a provincia que maior cantidade recibe é a de Lugo, (73,03 deses 148,5 millóns de euros de axudas directas). Séguenlle a provincia da Coruña, á que chegan 49,97 millóns, a de Pontevedra, con 14,36 millóns, e a de Ourense, con 11,13 millóns de euros. Por municipios, o que máis recibe de Galicia é Lalín, con 4,15 millóns de euros, seguido da Pastoriza (4,07 millóns), Sarria (3,36 millóns), Mazaricos (3,28) e Castro de Rei (3,13).

Postura da Cornixa Cantábrica

O informe incorpora tamén o documento conxunto asinado o pasado 19 de xaneiro entre as comunidades da Cornixa Cantábrica (Asturias, Cantabria, País Vasco e Galicia) sobre a futura PAC 2023-2027. Neste texto, estas catro autonomías coinciden en reclamar ao Goberno Central que teña en conta as súas peculiaridades no deseño e a aplicación destas políticas.

Así, advírtese que os territorios que conforman a Cornixa Cantábrica teñen en común unhas características peculiares, como as súas explotacións, que na maioría dos casos teñen un tamaño pequeno ou mediano e un carácter profesional, pero eminentemente familiar. Ademais, a súa orientación produtiva ten que ver sobre todo con sectores gandeiros coma o lácteo, algo que as diferencia doutras zonas de España. Por iso, as catro comunidades defenden que o Plan estratéxico nacional da PAC se apoie e recoñeza ese modelo de explotación familiar agraria sustentable do norte de España.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Isto, especialmente en aspectos como a axuda básica á renda dos agricultores, as axudas asociadas aos diferentes sectores (para estas comunidades, é prioritario que se manteñan para o de vacún de leite, de carne e ovino-caprino), a figura do agricultor xenuíno ou os ecoesquemas (axudas que priman a sustentabilidade ambiental).



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



GALICIA APOIOU CON MÁIS DE 8,2 MILLÓNS DE EUROS DESDE 2016 A MELLORA E MODERNIZACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS DAS LONXAS E PORTOS

- *Os 280 proxectos desenvolvidos contribuíron a mellorar a seguridade e as condicións de traballo dos profesionais do mar así como a conservación das descargas de peixe e marisco, a súa rastrexabilidade, a selección ou a etiquetaxe*
- *As actuacións realizadas, recollidas nun informe que analizou hoxe o Consello da Xunta, tamén permitiron avanzar na eficiencia enerxética das instalacións e na protección do medio ambiente*
- *O 'Diario Oficial de Galicia' publicou onte a convocatoria de achegas de 2021 para este tipo de iniciativas, que conta cun orzamento de 4,5 millóns de euros*
- *Nesta ocasión poden ser subvencionables, entre outras, novas accións como as distintas medidas que se adopten de protección e prevención ante a alerta sanitaria polo coronavirus ou obras nas infraestruturas que reduzan a demanda enerxética da totalidade ou de parte dos inmobles*

A Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, apoiou con máis de 8,2 millóns de euros entre 2016 e 2020 distintas actuacións nos portos pesqueiros galegos para a modernización e mellora das infraestruturas vencelladas coa súa actividade así como a subministración de equipamentos e servizos para optimizar a comercialización dos produtos do mar. En total, foron 280 proxectos que contribuíron a mellorar a seguridade e as condicións de traballo dos profesionais do mar así como a conservación das descargas de peixe e marisco, a súa rastrexabilidade, a selección ou etiquetaxe, entre outros avances.

Estes apoios, recollidos nun informe que analizou hoxe o Consello da Xunta, enmárcanse na estratexia de mellora constante dos portos pesqueiros, lugares de desembarque, lonxas e fondeadoiros e consistiron no desenvolvemento de 233 proxectos ao abeiro do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) -que financiou o 75 % dos investimentos e a comunidade autónoma o 25 % restante- e 47 realizados integramente con fondos propios da Xunta. Estas accións supuxeron un investimento total de máis de sete millóns de euros no caso das actuacións con apoio europeo e de preto de 1,2 millóns de euros nas iniciativas desenvolvidas unicamente co financiamento do Executivo galego.

Moitos destes proxectos desenvolvéronse grazas ás convocatorias de axudas que realiza anualmente a Consellería do Mar co obxectivo de mellorar a calidade e incrementar o control e a rastrexabilidade dos produtos desembarcados, aumentar a eficiencia enerxética, contribuír á protección do ambiente e mellorar a seguridade e as condicións de traballo dos pescadores. Neste sentido, o informe recolle que o pasado



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

ano foi o que máis actuacións contabilizou ao amparo do FEMP, con máis dun cento de proxectos executados.

En canto á tipoloxía das accións desenvolvidas cos fondos europeos, a maior parte - máis de 180- correspondéronse coa subministración de equipamentos e bens para mellorar as instalacións e a súa eficiencia, 37 para a dotación de servizos nas lonxas - fundamentalmente melloras na comercialización a través das distintas canles así como na emisión de documentos e nas distintas xestións administrativas das lonxas e confrarías- e 11 relacionadas con obras para a modernización ou mellora das súas infraestruturas.

As achegas concedidas nos últimos exercicios para a mellora neste eido permitiron dotar ás confrarías de novos equipamentos como sistemas de varada de embarcacións, guindastres, casetas desmontables para vestiarios das mariscadoras e mariscadores, colectores e equipamentos de limpeza para as lonxas ou produtores de xeo, entre outros. A maiores, tamén favoreceron actuacións en materia de eficiencia enerxética como a modernización dos sistemas de iluminación interiores dos edificios das lonxas, o aforro enerxético das instalacións de frío das lonxas e confrarías ou o uso de enerxías renovables mediante a instalación de paneis solares fotovoltaicos.

O informe analizado polo Consello da Xunta recolle algunhas das actuacións máis importantes realizadas neste eido como son a mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de frío na lonxa de Cedeira, cun investimento de preto de 510.000 euros, a adquisición dun carro automotor semisomexible para a confraría de pescadores de Fisterra por importe de 278.000 euros ou a compra dunha máquina de lavado de caixas por parte da confraría de Ribeira, cun desembolso de 236.000 euros.

Convocatoria de 2021

O documento tamén aborda a convocatoria para 2021 de axudas a proxectos colectivos de modernización das infraestruturas dos portos pesqueiros, das lonxas e dos lugares de desembarque, para a mellora da eficiencia enerxética, da protección do ambiente, da seguridade e as condicións de traballo, e da calidade e do control e rastrexabilidade dos produtos desembarcados da pesca. A orde, que saíu publicada no *Diario Oficial de Galicia* de onte, conta cun orzamento de 4,5 millóns de euros.

Nesta ocasión, ademais dos proxectos subvencionados en anos anteriores, poderán ser beneficiarios de axuda aqueles destinados á protección do ambiente mediante a xeración de enerxía térmica por medio de instalacións renovables ou para adquirir colectores homologados para puntos de recollida de lixo, proxectos de obras nas infraestruturas que reduzan a demanda enerxética da totalidade ou de parte dos inmobles así como outros para mellorar a seguridade e as condicións de traballo dos profesionais do mar ante a crise sanitaria provocada polo coronavirus e adoptar medidas de prevención.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Neste sentido, ademais da adquisición de medios persoais de protección e hixiene, son subvencionables, entre outras, medidas de protección dos usuarios como a delimitación de zonas e fluxos de movemento no solo, dispositivos de control de capacidade ou de temperatura, a adaptación das instalacións para reducir o contacto dos usuarios con elementos e superficies -como portas de apertura automática ou sensores de luz- así como a adquisición de equipamentos ou a realización de obras que permitan a ventilación das estancias ou a instalación de dispositivos de desinfección de superficies e ambientes.

